

# **ACTA DA DÉCIMA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS**

## **ASISTENTES:**

### **POLA XUNTA DE GALICIA:**

Don Tomás Fernández-Couto Juanas  
Director Xeral de Defensa do Monte  
Don Iñaki Bergaretxe Urdanilleta  
Subdirector Xeral de Prevención  
Dona Silvia Cortiñas Fernández  
Vicesecretaria Xeral da Consellería de Medio Rural

### **POLA FEGAMP:**

D. Alfonso Villares Bermúdez  
Vicepresidente primeiro da Fegamp  
Dona Lucía González Louro  
Técnico da Fegamp

### **POR SEAGA:**

Don Pablo Arbones Maciñeira  
Director xerente de Seaga  
Don Antón Barral Álvarez  
Licenciado en Dereito Seaga

En Santiago de Compostela, as 10:30 horas, do día 6 de setembro de 2019, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, reúnense os citados anteriormente co fin de celebrar a reunión da Comisión de Seguimento do Convenio baixo a seguinte

## **ORDE DO DÍA**

- I.- Lectura e aprobación da acta da reunión da Comisión de 24 de xullo de 2019 e da acta da reunión do día 22 de agosto de 2019
- II.- Aprobación das novas solicitudes de adhesión ao Convenio
- III.- Visto bo ao borrador do texto para a segunda addenda ao Convenio
- IV.- Estudo da situación actual das adhesións voluntarias nas parroquias priorizadas e aprobación dun modelo, específico nestas parroquias, de anuncio de notificación as persoas responsables da xestión da biomasa para publicación en BOE e DOG.
- V.- Estudo do modelo de Solicitud de incorporación e autorización para realización de traballos de levantamento topográfico, mantemento e limpeza en faixas secundarias de xestión da biomasa para proxectos piloto e aprobación do proxecto piloto para aldea Modelo de Osmo.
- VII.- Rogos e preguntas

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

## **I.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 24 DE XULLO DE 2019 E DA ACTA DA REUNIÓN DO DÍA 22 DE AGOSTO DE 2019**

Unha vez revisadas as actas pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica procédese a aprobación e a firma das mesmas polo Presidente e a Secretaria da Comisión.

## **II.- APROBACIÓN DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO**

Na data da celebración da Comisión rexistráronse novas solicitudes de adhesión ao Convenio de 4 Concellos:

|                           |
|---------------------------|
| <b>Concellos Lugo (1)</b> |
| CHANTADA                  |

|                              |
|------------------------------|
| <b>Concellos Ourense (2)</b> |
| SAN CIBRAO DAS VIÑAS         |
| XUNQUEIRA DE AMBIA           |

|                                 |
|---------------------------------|
| <b>Concellos Pontevedra (1)</b> |
| VILABOA                         |

Admítense as solicitudes de adhesión destes Concellos e acórdase notificar con esta data as resolucións individuais informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase cos Concellos adheridos para ir avanzando na elaboración da planificación.

## **III.- VISTO BO AO BORRADOR DO TEXTO PARA A SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO**

Coméntase na Comisión o borrador do texto para a segunda addenda ao Convenio, onde se abordan as seguintes cuestions:

- 1.- Incorpora a información relativa ao visor e app para dispositivos móbiles asociada á plataforma.
- 2.- Incorpora a autorización de catastro para o uso de datos polos concellos así como a obriga das persoas usuarias de asinar unha cláusula de confidencialidade nos termos especificados pola Amtega.
- 3.- Incorpora a posibilidade de realización material das actuacións de xestión de biomasa, derivadas de procedementos de execución subsidiaria polos concellos adheridos

ata un máximo de 5 Ha por concello e ano, dentro da dispoñibilidade presupuestaria, e en todo caso dende o 1 de xaneiro de 2020.

4.- Incorpora o procedemento para os proxectos pilotos de mobilización de terras nas faixas secundarias, que terán que tramitarse en todos os casos a través do Banco de Terras de Galicia.

Coméntase entre os presentes o estado actual do borrador e acórdase a necesidade de modificar o texto relativo ao punto 3 da cláusula novena para eliminar as referencias a “aldea modelo”.

- a) No seu lugar falarase de proxectos de mobilización de terras.
- b) Neste mesmo apartado ten que quedar claro que se permitirá a actuación a través do sistema público de xestión da biomasa cando a cesión ao Banco de Terras cumpra os requisitos, áinda que estea incluída dentro dun procedemento más amplio de mobilización de terras.
- c) Ten que aclararse tamén que coa solicitude de incorporación poderanse iniciar os traballos de xestión da biomasa sen coste algúns para os propietarios. Unha vez tramitada a incorporación os traballos serán executados con cargo ao convenio a favor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- d) A xestión da biomasa nos casos en que non se consiga promotor levarase a cabo, a cargo do convenio, ata un máximo de tres anos e ata o límite de 2500 €/Ha. Se pasado ese tempo non aparecen promotores será o Banco de Terras o que teña que facerse cargo dos traballos de xestión da biomasa.

Pospone a aprobación do borrador ata a próxima Comisión de Seguimento que se convocará a tales efectos para o día 12 de setembro as 12:15 horas.

#### **IV.- ESTUDO DA SITUACIÓN ACTUAL DAS ADHESIÓN VOLUNTARIAS NAS PARROQUIAS PRIORIZADAS E APROBACIÓN DUN MODELO, ESPECÍFICO NESTAS PARROQUIAS, DE ANUNCIO DE NOTIFICACIÓN AS PERSOAS RESPONSABLES DA XESTIÓN DA BIOMASA PARA PUBLICACIÓN EN BOE E DOG.**

Na data da celebración da Comisión os datos de adhesións voluntarias son os seguintes:

1. Hai 574 contratos con propietarios
2. Hai 1.914 parcelas incluídas no sistema público de xestión da biomasa.
3. Hai adherida unha superficie en faixas secundarias de 110,28 Ha.
4. Están inspeccionadas no terreo por parte de Seaga 1.063 Ha
5. Dentro das parcelas inspeccionadas as fincas con xestión incorrecta da biomasa son aproximadamente 14.000

Esta situación provoca que teñamos que preparar notificacións masivas aos propietarios das parroquias prioritarias que non teñan correctamente xestionada a biomasa.

Para poder conseguir incrementar o número de adhesións voluntarias xunto coa notificación aos titulares coñecidos de parcelas en parroquias prioritarias incluirase un documento anexo no que se informará da posibilidade de cumplir coas obrigas de xestión da biomasa mediante a adhesión voluntaria no prazo de 15 días que concederá ás persoas responsables a notificación para cumplir coas súas obrigas.

Ao mesmo tempo estudiase a posibilidade de contar cun modelo de anuncio de notificación ás persoas responsables da xestión da biomasa que permita notificar como descoñecidos aos propietarios dado que non temos garantías de que os datos de catastro coincidan cos datos reais das persoas responsables de xestión. Este modelo deberá incluir en todo caso a liquidación provisional e deberá indicar que o prazo máximo para o cumprimento voluntario se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio ou da data de notificación no caso de que a devandita notificación se fixera efectiva con posterioridade á data da súa publicación. Aclarase tamén neste modelo que si transcorrido o prazo persiste o incumplimento o concello a través do sistema público de xestión de biomasa establecido no Convenio procederá sen máis trámites á execución subsidiaria. Na próxima reunión da Comisión abordarase o modelo elaborado segundo estes criterios.

Os obxectivos plantexados pola Comisión en canto ás notificacións masivas a parroquias prioritarias serían os seguintes:

- a) Preparar as notificacións correspondentes as 1063 Ha xa inspeccionadas para o 13 de setembro
- b) Preparar outras 2000 Ha dentro do mes de setembro
- c) Preparar as restantes notificacións dentro do mes de outubro
- d) No mes de outubro comezarán os traballos de roza das faixas secundarias das parroquias priorizadas.

As notificacións serán firmadas polos Concellos adheridos. Os concellos serán os que teñan que notificar e informar a Seaga da recepción ou non do acuse de recibo aos efectos de poder iniciar os traballos de xestión.

## **V.- ESTUDO DO MODELO DE SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN E AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO, MANTENEMENTO E LIMPEZA EN FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DA BIOMASA PARA PROXECTOS PILOTO E APROBACIÓN DO PROXECTO PILOTO PARA ALDEA MODELO DE OSMO.**

Dende a Comisión analízase o modelo remitido por Agader para a tramitación dos proxectos pilotos.

Ata a data de hoxe dos concellos que manifestaron interese na aprobación dun proxecto piloto soamente o Proxecto de Aldea Modelo de Osmo está en disposición de ser aprobado neste momento.

No caso do proxecto piloto de Osmo a cartografía está analizada e dispoñen dunha superficie dentro de faixa secundaria de 7 Ha que unida a 3 Ha fora de faixa secundaria cumpre cos requisitos mínimos de superficie.


Xa se contactou cos titulares dos terreos para a cesión dos mesmos ao Banco de Terras e para que firmen a autorización para a xestión da biomasa. Toda esta documentación analízase pola comisión para comprobar que cumpre cos requisitos establecidos para os Proxectos Pilotos.

A continuación dende a Comisión apróbase a actuación nestas 10 Ha supeditada a que se concrete a actuación no territorio na próxima reunión da Comisión de Seguimento.

#### **VI.- ROGOS E PREGUNTAS**

Coméntase a posibilidade de dar facilidades aos propietarios adheridos para a xestión e venta da madeira derivada da corta de especies no permitidas.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 13:00 horas da data sinalada no encabezamento.

Two handwritten signatures in blue ink. The signature on the left is a stylized, open loop shape. The signature on the right is more complex, featuring a vertical stroke with a horizontal flourish extending to the right, enclosed within a large oval shape.